



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

REUNIÓN

DIRECCIÓN-Rep. SINDICAL 15/09/10

Nesta reunión son tratados os seguintes temas:

1.-Producción Outubro

Quenda de noite: habilitan os domingos 3 e 17; con horarios diarios de 7'02 h. e máis de 6 h. en ferraxe.

Quendas de día: ámbolos dous Sistemas, sábados voluntarios 9 e 16.

O día 11 deste mes mantense como non laborable para toda planta.

2.-Previsións 2011.

Avanzan unha produción de 357.000 vehículos dos cales 245.000 B9 e 112.000 B58. Previsión similar o 2010.

Sobre este tema a Dirección comenta que no caso do Sistema II haberá que adaptar dita previsión ó útil industrial. Isto probablemente, pódese interpretar como unha futura reapertura do debate sobre a *xornada laboral variable* neste Sistema. Que como todos lembraredes a C.I.G. no seu día amosou a súa discrepancia no documento aprobado pola maioría do Comité para o ano 2009.

3.-Emprego

Como consecuencia do sorteo da Semana Volante, foron contratadas no seu día, unhas 100 persoas para cubrir as ausencias. Finalizado este proceso a primeiros de outubro, nese mesmo número iran finalizando traballadores/as que leven máis dun ano traballando.

4.-Pintura

Informan que segundo o Plan de Vixilancia a situación esta "*conforme e sen alertas*".(?).

5.-Varios

Preguntan si coñecemos o *acordo para as Plantas de Francia* da creación de quendas de noite con apertura variable. Efectivamente a C.I.G. coñece dita información, pero falta por coñecer as condicións de dito acordo. Porque a C.I.G. no ano 1997 ante as millonarias horas extras que se viñan realizando, foi unha das principais impulsoras da apertura da quenda de noite neste Centro para xerar emprego, pero certo é tamén que durante estes anos se viñeron introducindo mecanismos novos de flexibilidade, entre os cales están aqueles que a C.I.G. rexeitou por entendelaos como "carta branca" para quenens pensan que "na noite vale todo".

Confederación Intersindical Galega